



TEMA 2. PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS DIXITAIS

No apartado anterior analizouse o xeito de transmitirle información ao alumnado cando o texto escrito ten un peso fundamental nesa información e polo tanto a información ten que ser lida. Pero aínda que só sexa de maneira intuitiva, o profesorado sabe que a información retense moito mellor cando vai complementada con imaxes. Probablemente por esta razón, case desde o inicio da profesión, vense empregando un recurso, como é o encerado, para acompañar a transmisión oral de información con elementos visuais.

Na actualidade existen na rede ferramentas que lle permiten ao profesorado complementar a información máis “densa” e textual con elementos gráficos.

Precoñecemento

A incorporación dos primeiros recursos tecnolóxicos na aula, sobre todo a principios dos anos 70 do século pasado, potenciou significativamente a transmisión de información visual a través do uso de dispositivos como flanelografos, proxectores de opacos, de diapositivas, de transparencias, etc.

Máis recentemente, o abaratamento dos canóns de proxección estendeu o uso do software de deseño, e converteu o emprego das presentacións nun recurso case obrigatorio para acompañar a exposición dos temas. A posición dominante no mercado de Microsoft, provocou que se estendese o uso do termo powerpoint para referirse a calquera presentación realizada cunha computadora e un canón.

Neste apartado imos ver dous destes sistemas que permiten relacionar a información textual coa gráfica:

- As presentacións. Nelas veremos algunhas ferramentas que permitirán ir un paso máis alá dos típicos powerpoints.
- Os murais ou cartaces. Na actualidade posibilitan a superación das cartolinas cos típicos recortes de revistas para ir a modelos interactivos que poderás incorporar á túa páxina web, blog ou wiki e presentar con claridade conceptos máis complexos.

Actividade

Neste curso vanse analizar ferramentas que están dispoñibles na rede, pero tamén existen ferramentas que permiten deseñar presentacións que poden ser descargadas gratuitamente e instaladas na computadora. Quizais a máis empregada de todas é Impress que forma parte do proxecto Libre Office e que podes atopar nesta ligazón: <http://gl.libreoffice.org/> ou ben na de OpenOffice que podes descargar nesta outra: <http://www.openoffice.org/gl/>.

Ademais, se queres, aquí podes atopar un titorial para facer presentacións con Impress de Libre Office.

(<http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1404894630/contido/impress/index.html>)

2.1.- Cartaces e murais.

Precoñecemento

En 1916, durante unha batalla da Primeira Guerra Mundial, un soldado, de só 19 anos, foi gravemente ferido no peito. As lesións afectáronlle aos pulmóns, a súa actividade física era moi limitada e mesmo unha conversa producíalle gran fatiga. Catro anos máis tarde, aínda cando as consecuencias das súas lesións limitaban a súa capacidade de dar clases, obtivo unha praza como profesor e foi destinado a unha pequena vila nos Alpes. Para superar as súas limitacións físicas e debido á influencia das achegas da Escola Nova, empezou a deseñar unha serie de técnicas pedagóxicas que lle daban protagonismo ao alumnado. Este educador era [Célestin Freinet](#) e foi o precursor do uso da prensa escolar, a correspondencia entre os centros, os plans de traballo, as bibliotecas

de aula e o uso de carteis escolares ou murais.

Os cartaces e murais que poden ser vistos nunha escola ou nunha aula dinnos moito sobre a vida da escola, sobre os temas que máis interesan, sobre as materias máis dinámicas, se nesa aula están a traballar desde unha perspectiva individual ou máis colaborativa. Son a primeira impresión que se percibe do traballo escolar que se está a realizar nunha escola.

Desde a perspectiva deste curso imos comentar a posibilidade de utilización dos cartaces como xeito de transmisión de información ao alumnado, pero é necesario considerar que, sobre todo, os murais e cartaces son un recurso poderoso para o traballo na escola xa que teñen, entre outras, as seguintes características:

- Permite traballar con eles tanto individualmente como en grupos.
- O uso de imaxes e outros recursos favorece o interese e a motivación do alumnado.
- Permite ao alumnado implicarse activamente na construción da súa aprendizaxe.
- Favorece o estudo de forma lúdica e creativa.

Actividade de lectura

No número 2 da revista “*APRENDER PARA EDUCAR CON TECNOLOGÍA*” do Instituto Nacional Superior do Profesorado Técnico da Universidade Tecnolóxica Nacional de Bos Aires en Arxentina, podes atopar varios artigos con consellos para o deseño de presentacións e como traballar con glogs.

2.2.- Deseñando presentacións e murais.

Un mural ou unha presentación é un xeito de mostrar a información máis importante dun tema dunha forma visualmente atractiva, é dicir, na creación dun mural ou dunha presentación hai dous elementos que é necesario considerar:

- A síntese do contido educativo.
- A concepción estética do cartel.

Un cartaz ou unha presentación son recursos comunicativos específicos que teñen a súa propia linguaxe. Se queres comunicar unha cantidade importante de texto non fagas 100 diapositivas ou un cartaz con letra diminuta, fai un documento de texto.

Para crear algún dos recursos dos que estamos a falar segue con carácter xeral estas suxestións:

1. Analiza detidamente os contidos sobre os que queres realizar o cartaz ou a presentación.
2. Selecciona as ideas máis relevantes deses contidos.
3. Agora organízalas segundo algún criterio: cronolóxico, polo seu nivel de inclusión, debido á súa situación xeográfica, etc.
4. Finalmente, considera que o recurso que vas empregar ten un espazo limitado, polo que deberías sintetizar o máis posible toda a información.

Actividade

As orientacións que se presentan neste curso refírense ao emprego de ferramentas dixitais, pero esta análise de como debe ser a presentación dun traballo científico mediante un cartaz de papel pode aportar interesantes suxestións tamén para o seu deseño dixital. (http://scielo.sld.cu/scielo.php?pid=S0864-21252000000400020&script=sci_arttext)

2.3.- Análise do contido.

Para realizar unha presentación ou un mural é necesario saber que tipo de uso se lle vai dar. Pode ser que teñamos interese en ter un recurso complementario para a presentación teórica que realizamos na aula; pode que a idea da presentación sexa complementar parte dun contido textual que aparece nunha páxina web, un blog ou un wiki; tamén pode ser que a intención sexa a de crear un recurso para que estea dispoñible na rede de maneira independente para quen o queira consultar. Pero independentemente do uso que se lle queira dar, o primeiro que haberá que facer será unha análise do contido que se quere transmitir.

1. Despois de revisar a información que se quere transmitir é preciso ter clara a idea principal. Para o que deberás
 - a. Seleccionar os conceptos básicos que aparecen nos contidos.
 - b. Expresar sinteticamente cada concepto, se é posible por medio dunha imaxe ou co menor texto posible.

c. Identificar as relacións entre eses conceptos.

d. Organizar os conceptos e as súas relacións, de forma clara e coherente.

2. Unha vez identificados eses conceptos principais, divide o contido a transmitir en apartados significativos.

3. Analiza cal é a orde máis apropiada dos apartados en función do efecto que se quere conseguir

4. Dálle un deseño atractivo á presentación, unificando as fontes, as cores e o estilo das imaxes, como verás máis adiante.

As ferramentas que imos presentar máis adiante producen uns efectos dun atractivo deseño e ademais posúen unha grande facilidade de uso, pero iso non debe facer esquecer as orientacións básicas que é necesario seguir para facer unha presentación ou un mural que sexa comprensible e atractivo para o alumnado.

Actividade

Habitualmente pedímoslle ao alumnado que faga traballos e presentacións, mais non é frecuente que lle dediquemos moito tempo a dar orientacións sobre como debe facerse. A continuación pódense ver as orientacións que dan ao alumnado da Universidade de La Laguna para a realización de presentacións.

(http://www.ull.es/view/institucional/bbtk/Como_hacer_una_presentacion/es)

2.4.- Un pouco de deseño.

Un cartel ou mural non é un resumo do contido dunha unidade, é un xeito de mostrar a información máis relevante dunha forma visualmente atractiva e, polo tanto, é necesario considerar os principios básicos de deseño gráfico.

Sen a intención de dar un curso de deseño gráfico, é preciso reflexionar sobre algunhas cuestións antes de realizar un póster ou unha presentación.

- Selecciona a forma de póster ou o tipo de presentación que vas facer. O mesmo que os cartaces están condicionados por polo tipo de soporte físico sobre o que se realizan, os formatos dixitais, en principio, están condicionados polos tamaños, resolucións de pantalla, presentacións a pantalla completa ou insertada dentro dunha web, etc. Analiza cal é a mellor opción en función da idea que queres transmitir.

- Combina as cores. Facer un mural ou unha presentación é facer un proxecto gráfico e debe ter en conta as regras de combinacións de cores. Se non tes moita

información sobre esta cuestión, podes consultar páxinas nas que se presentan combinacións apropiadas para diferentes propósitos, como por exemplo: <http://www.colourlovers.com/>.

- Selecciona a tipografía. As fontes de letras se relacionan coa idea que queremos transmitir. Para seleccionar a tipografía máis apropiada podes consultar algunha páxina nas que en función do contido nos suxiren as tipografías máis atinadas, por exemplo: <http://www.esperfonto.com/>.

Aquí podes ver unhas orientacións para mellorar a estética das túas presentacións e murais.

Roba Esta Presentacion! (Steal This Presentation!) from Jesse Desjardins - @jessedee

2.5.- Ferramentas.

Actualmente existen servizos de creación de presentacións ou de deseño de murais que non necesitan instalar ningún elemento na computadora e que permiten facer todo o deseño dende a nube, teñen potencialidades similares ás que ofrecían os programas tradicionais pero habitualmente de maneira máis dinámica e orixinal.

Neste apartado do curso, as ferramentas que se van analizar son:

- [Prezi](#).
- [PowToon](#).
- [Glogster](#).
- [Biteslide](#).

Estes recursos permiten facer presentacións e murais, incluíndo animacións, zoom, rotacións, movemento de imaxes, inclusión de vídeos e moitas outras posibilidades, de maneira tan sinxela que os poderás empregar ti e mesmo pedirlle ao teu alumnado que os empreguen desde os primeiros niveis do ensino.

Actividade

As ferramentas que imos comentar neste curso, son probablemente as máis significativas para realizar presentacións, pero dende logo, non as únicas. Neste curso do CFR de Ourense fan unha escolma doutras moitas, e explican o seu funcionamento. (<http://curso-cfrourense.blogspot.com.es/p/presentaciones.html>)

2.5.1.- PowToon.

PowToon é un programa de deseño de presentacións na nube, que desde 2013 ofrece unha versión gratuíta para o ensino.

O funcionamento é parecido ao de Power Point ou Impress mediante a utilización de diapositivas nas que se poden inserir texto e imaxes, pero permitindo a animación de todos estes elementos e dándolle ao conxunto unha aparencia similar á dun cómic. Ademais inclúe música e son e a posibilidade de incorporar as túas propias gravacións.

As presentacións poden gardarse no formato tradicional que permite ir avanzando diapositiva a diapositiva ou ben exportalas a youtube como vídeo.

Tamén permite que realices presentacións dos temas que esteas a traballar nas túas clases ou empregalo como un recurso para que o alumnado poida presentar os seus traballos.

PowToon ten en youtube unha canle onde se poden atopar moitos vídeos realizados con este programa. <http://www.youtube.com/channel/UCgIHgtnKyULNam73BMDrzig>

Como na maioría dos programas é necesario rexistrarse para poder traballar con el, unha vez realizado o rexistro segue os pasos que se indican a continuación:

1. Accede a <http://www.powtoon.com>
2. Ingresa co teu nome de usuario e contrasinal.
3. Accede á pantalla de edición.
4. Insire o número de diapositivas que precisas.
5. Edita cada unha das diapositivas, engadindo os textos, as imaxes e as animacións que che resulten máis atractivas.
6. Unha vez rematada a presentación tes dúas opcións:
 - a. Mantela como presentación, para o que podes seleccionar o código de inserción para incluíla no teu blog, wiki ou páxina web.
 - b. Exportar a presentación convertida en vídeo á túa conta de youtube (se é que tes unha).

Actividade

Para comprobar como é o resultado dunha presentación creada con PowToon podes ver o seguinte vídeo tutorial. O mesmo autor ten publicados outros vídeos con orientacións para o traballo con este programa. (<http://www.youtube.com/watch?v=9f4vloDkp88>)

2.5.2.- Prezi.

É unha aplicación que permite realizar presentacións similares ás que se poden facer con programas como Power Point ou Impress. A principal diferenza con estes programas é que Prezi traballa sobre unha única pantalla na que se organizan todos os elementos da presentación desprazándose por eles de xeito dinámico.

As presentacións poden embeberse nunha páxina web, blog ou wiki; tamén poden compartirse con outras persoas e descargarse para poder realizar a presentación desde o propio ordenador sen conexión a Internet. A versión gratuíta da aplicación permite un almacenamento de 100 Mb.

A páxina está en inglés pero é o suficientemente intuitiva como para que isto non supoña un grave problema para quen descoñece o idioma.

Para poder ver as presentacións só é preciso acceder á páxina e buscar a presentación desexada ou ben acceder ao enlace correspondente da presentación que queiras ver.

Para poder crear a túa propia presentación deberás:

1. Rexistrarte na páxina <http://prezi.com>
2. Acceder co teu nome de usuario e contrasinal.
3. Pulsar sobre o botón *New Prezi*.
4. Elixir un dos modelos que se ofrecen ou un Prezi en branco.
5. Comezar a deseñar a túa propia presentación.

Actividade

Para ver algunhas das características do programa podes ver a seguinte presentación realizada co propio programa. (<http://prezi.com/zhpdzkaeokm5/como-funciona>)

2.5.3.- Glogster EDU.

En 2007 xorde como unha rede social para facer carteis con imaxes que poderían ser incluídas nos blogs. Desde decembro de 2009, tornouse un servizo de pago que só permite o uso gratuíto por un mes e funciona como unha plataforma educativa que engade moitos outros recursos á simple creación de carteis.

Os carteis que se poden crear con Glogster permiten tanto a presentación do coñecemento previo sobre un tema como o resumo do contido xa aprendido, así como moitas outras posibilidades educativas.

Entre esas posibilidades educativas que permite o emprego de Glogster inclúese mesmo a xestión dun grupo de aula, pero con referencia á creación de carteis, os pasos a seguir serían:

1. Accede a <http://www.glogster.com>
2. Rexístrate indicando os teus datos e os do teu centro.
3. Selecciona a pestana *g/logs*.
4. Selecciona un dos moitos modelos que ten o programa.
5. Preme en cada unha das caixas de texto para editar o seu contido.
6. Inclúe as imaxes máis axeitadas para ilustrar o cartaz.
7. Inclúe os vídeos que complementan a información da forma máis axeitada.
8. Garda os cambios que fixeches.
9. Dalle un nome ao teu cartaz.
10. Clasifícao nunha materia e nivel educativo.
11. Asígnalle as etiquetas correspondentes.
12. Determina se é un recurso público accesible a calquera persoa ou se vas seguir a traballar nel.

O Observatorio Tecnolóxico do Ministerio de Educación na categoría de aplicacións web dedica unha gran parte á análise desta ferramenta, incluíndo vídeos e un titorial pequeno, pero esclarecedor, sobre o uso de Glogster.

(<http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/es/internet/aplicaciones-web/794-Glogster>)

2.5.4.- Biteslide.

Este servizo comezou a operar baixo o nome de Edu Beeclip, aínda que hoxe se chama Biteslide, e permite o rexistro tanto do profesorado como do alumnado.

Funciona como unha plataforma educativa onde calquera pode crear a súa conta. O profesorado rexistrado pode dar acceso aos seus cursos ou clases ao alumnado que estea rexistrado cun nome e un contrasinal.

A información nos carteis pode ser deseñada empregando modelos de deseño moi flexibles. Os carteis poden ser conectados como se fosen unha secuencia de diapositivas.

O programa permite a creación de aulas nas que se pode mostrar información deseñada con estes cartaces. Para crear unha presentación debes seguir os pasos seguintes.

1. Accede a <http://www.biteslide.com>
2. Rexístrate como profesor ou profesora. Se o consideras conveniente, podes pedirlle ao teu alumnado que se rexistre tamén.
3. Primeiro tes que crear unha aula virtual. Co código que che asignen pódense rexistrar outras persoas.
4. Crea un proxecto.
5. Agora podes crear o teu cartaz.
6. Escolle o modelo que mellor se adapte ao teu propósito.
7. Sube as fotos ou vídeos que queiras utilizar e lígaos ao mural que vaias deseñar.
8. Unha vez creado o cartaz podes comezar a edición.
 - a. Cambia o fondo.
 - b. Engade o texto que consideres.
 - c. Engade frechas.
 - d. Cambia os cadros de imaxes.
 - e. Indica as persoas da aula que poden editalo.
9. Os carteis poden ser descargados como imaxes ou poden usarse en formato dixital dentro do propio proxecto.

Pilar Torres, asesora do Ámbito Lingüístico do Centro de Profesorado de Córdoba, fai unha presentación do servizo e algunha recomendación das posibilidades de uso.

(<http://alinguistico.blogspot.com.es/2012/11/beeclip-libros-digitales.html>)